

ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MARZO DE 2019 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN ABERTO, REGULACIÓN ARMONIZADA, VARIOS CRITERIOS DE AXJUDICACIÓN, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA CON PREVALENCIA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020, ACTUALMENTE INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020. (Expte. 6494/2018)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as dez horas e corenta minutos, do día 08 de marzo de 2019, reúnen os integrantes da Mesa de Contratación do contrato mixto de subministro da “RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, que se constitúe para proceder á apertura do Sobre 1, que contén a documentación administrativa. Esta reunión non terá carácter público.

De seguido, de ser o caso de non ter que facer subsanacións, procederáse a apertura do sobre 2 composto pola documentación de criterios avaliados mediante xuízo de valor, dándose traslado da mesma aos técnicos para a súa valoración e emisión do informe técnico.

Os integrantes da Mesa de Contratación son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Carmen Gómez Otero, Interventora Municipal.
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Manuel Fernández Cerdeira, Concelleiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, en substitución de Dna. Belen Louzao Vieites.

Asesor desta Mesa, D. Javier Regueira Miguens, Ingeniero del Grupo IDOM, consultora adjudicataria del servicio de asesoramiento en los Proyectos AES 2020.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo Municipal, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Constituída a Mesa, a secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Secretaría Xeral, de data 08 de marzo de 2019 e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre 1 “Documentación Administrativa”, tras a súa revisión polos integrantes da Mesa acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)
- SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.
- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.

Esta dúas últimas empresas manifiestan estar vinculadas ao mesmo grupo de empresas, polo que de acordo cos PCAP seguirán no procedemento anque a Mesa terá en conta a hora de valorar as ofertas posibles prácticas colusorias. De advertirse ditas prácticas poderán ser excluídas da contratación nun momento posterior, informando destes extremos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao abeiro do artigo 132.3 LCSP.

b) A empres FERROVIAL SERVICIOS S.A., presenta o Anexo III referente as empresas vinculadas incompleto, xa que fai mención a que se adxunta o listado de empresas pertencentes ao grupo empresarial, e o mesmo non aparece na documentación presentada.

- c) A empresa MANUEL NÓVOA CASTRO SLU., presentou todas a documentación nun único CD, dividido en 3 carpetas, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.
- d) A empresa ELECNOR S.A., presenta a documentación correspondente aos sobre 1 e 2 xuntas no mesmo sobre e no mesmo soporte, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. - ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA).
- 2.- SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.
- 3.- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.

Esta últimas dúas empresas manifestan esta vinculadas ao mesmo grupo de empresas, polo que de acordo cos PCAP seguirán no procedemento aínda que a Mesa terá en conta a hora de valorar as ofertas posibles prácticas colusorias. De advertirse ditas prácticas poderán ser excluídas da contratación nun momento posterior, informando destes extremos á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ao abeiro do artigo 132.3 LCSP.

b) Outorgar a empresa FEROVIAL SERVICIOS S.A. un prazo de tres días hábiles a contar dende o seguinte á recepción deste requerimento proceda a **subsanar as deficiencias** atopadas na documentación administrativa, no Anexo III, entregando o listado de empresas coas que ten vinculación, por non constar na documentación presentada inicialmente.

c) Excluir as empresas:

- 1.- MANUEL NÓVOA CASTRO SLU., que presentou todas a documentación no mesmos CD, dividido en 3 carpetas, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.
- 2.- ELECNOR S.A., presenta a documentación correspondente aos sobre 1 e 2 xuntas no mesmo sobre e no mesmo soporte, polo que incumple a cláusula 15 dos PCAP.

Unha vez transcorrido o prazo de subsanación fixado, a Mesa de Contratación voltará a reunirse para valorar a documentación presentada, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, a Mesa de Contratación determinará a súa admisión para continuar nesta licitación.

Seguidamente, determinados os admitidos e excluídos a esta licitación, procederáse a apertura da documentación que conteña a parte da oferta avaliable a través de criterios de adjudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e daráse traslado aos técnicos para a emisión do informe preceptivo. Este acto será público.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as doce horas do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)